



Esquécese unha das principais afeccións ao ecosistema mariño: o impacto na mingua das especies salvaxes, usadas como alimento para a explotación industrial do peixe.

Non é ouro todo o que reloce

Raúl García *Texto*

En 2006 a Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO) alertaba de que preto do 77 por cento dos caladoiros do Planeta atópanse plenamente explotados, sobre-explotados ou esgotados. Na Unión Europea a situación é incluso máis grave, con máis do 80 por cento dos seus caladoiros fóra dos límites biolóxicos de seguridade.

A mala xestión xeneralizada desta industria e o consecuente efecto sobre os recursos mariños traducíuse nun estancamento das capturas pesqueiras mundiais desde principios dos 90 e nunha profunda crise que afecta a gran parte da flota pesqueira mundial. Esta crise chegou tamén á nosa mesa, de onde desaparecen especies populares como a anchoa, o bacallau ou o atún do Mediterráneo e aparecen outras novas que chegan en avión desde

exóticos países como Uganda ou Vietnam, que se capturan a 2.000 metros de profundidade ou que son criadas en cativeiro.

O máis preocupante é que o ritmo de perda de biodiversidade mariña e esgotamento dos recursos comerciais é terrorífico e a humanidade está aínda lonxe de adoptar as medidas necesarias para mitigar as principais causas da crise pesqueira global: sobre-capacidade da flota, pesca ilegal, falta de gobernanza en augas internacionais, subvencións daniñas etc. A degradación dos ecosistemas mariños causada pola pesca destrutiva, a contaminación ou as actuacións na costa súmase ó efecto da subida da temperatura dos océanos a causa do cambio climático. O cóctel é explosivo.

Desde que a pesca alcanzou o seu tope de produción, o forte crecemento da demanda mundial de pro-

ductos pesqueiros está a ser amplamente compensada pola produción acuícola, que cubre xa o 43 por cento do consumo humano. De feito, a produción mundial da pesca e acuicultura para consumo humano en 2004 (107 millóns de toneladas) é a maior da historia, proporciona unha subministración per cápita aparente de 16,6 kg.

Pese a que a distribución do consumo é tremendamente des-

igual, a dos países industrializados cuadriplica ó dos países subdesenvolvidos, as proteínas de orixe acuática resultan esenciais para a seguridade alimentaria de moitas destas nacións xa que o consumo, incluso de pequenas cantidades de peixe, complementan a achega de aminoácidos esenciais que son moi escasos nas hortaliças.

Tamén desde un punto de vista económico o sector pesqueiro-acuícola é relevante. En especial nos países en desenvolvemento nos que o valor das súas exportacións superan xa os ingresos achegados polas exportacións de café, banana, te e arroz conxuntamente. De feito, a acuicultura é a industria de alimentación que máis medra no mundo, pasando de supor o 5 por cento da produción da piscicultura total en 1970 a cerca dun 35 por cento na actualidade.



Acuicultura e crise pesqueira

Normalmente a problemática causada pola acuicultura, especialmente a intensiva, vese reflectida nos medios de comunicación no seu aspecto máis local ou rexional: contaminación orgánica, uso de antibióticos, transmisión de enfermidades ás poboacións pesqueiras salvaxes, fugas de exemplares de granxa, conflitos entre usuarios ou destrución de ecosistemas bentónicos, etc.

Casos extremos de destrución de hábitats prioritarios para a súa conservación como os mangles en Honduras ou Ecuador debido á implantación da industria do camarón, o esgotamento do atún do Mediterráneo provocado pola demanda insaciable da industria do engraxe, así como a contaminación xenética provocada pola fuga de millóns de salmóns en Noruega ou Chile son denunciados habitualmente por organizacións locais que operan nas rexións afectadas ou ONG conservacionistas internacionais como WWF/Adena ou Greenpeace.

Estas variedades de acuicultura mencionadas orientan a súa produción case exclusivamente á exportación ó mercado europeo, norteamericano e nipón. Por contra, a acuicultura desenvolvida nos países pobres para satisfacer a demanda interna soe basearse en especies de piscicultura vexetarianas, que presentan moitos menos problemas en canto á súa alimentación. A miúdo, especialmente en Asia, a cría de peixes intégrase cos sistemas agrícolas (os cultivos de arroz, por exemplo), evitando a necesidade de achegas externas de alimento.

Menos atención merece nos medios de comunicación a sustentabilidade da acuicultura intensiva en canto ó seu impacto global sobre as pesqueiras salvaxes. Porén é este -sen dúbida- o impacto ambiental de maior alcance e mesmo limitante para o propio crecemento do sector.

Ao ignorar en gran medida estes aspectos a Unión Europea, Estados Membros e outros países industrializados seguen cegamente a impulsar a acuicultura como a alternativa á crise pesqueira global. A aposta da UE pola acuicultura é evidente e tradúcese, entre outras cuestións, nun novo Fondo Europeo de Pesca 2007-2012 que privilexia esta industria como alternativa á perda de empregos na pesca e forma de diversificación da economía das comunidades costeiras. A través deste fondo, moito do diñeiro que anteriormente recibía a industria extractiva serán dedicados ós cultivos mariños, como o Plan de Acuicultura que pode destruír gran parte dos enclaves mellor conservados da costa galega.

Pero resulta dificilmente cuestionable o impacto global desta industria sobre os recursos mariños. O feito de que o 60 por cento da produción mundial de fariña e o 87 por cento do aceite de peixe sexa consumida pola acuicultura ilustra axeitadamente este problema.

Tan só a industria de salmón, tan consumido en Europa e Norteamérica, absorbe máis da metade da produción de aceite de pescado mundial. Isto enténdese porque para producir 1 kg de salmón son necesarios

4 kg de especies salvaxes. En casos extremos como o engorde de atún en granxas mariñas, esta relación chega a ser de 1 a 20, co agravante de que este sector é o principal responsable de levar á pesqueira de atún do Mediterráneo, a máis vella e importante do mundo, á beira do colapso.

O espectacular crecemento do cultivo de especies carnívoras vese reflectido no estado da meirande parte das pesqueiras que subministran materia prima para alimentalas, que están a ser explotadas ó máximo da súa capacidade ou por riba dos niveis biolóxicos de seguridade segundo a FAO. Isto significa que, se non se diminúe a presión sobre estas poboacións ou cambian as leis da bioloxía pesqueira, colapsarán comercialmente. Así, a perspectiva de aumentar a produción de fariñas e aceites de peixe é pesimista a curto e medio prazo, e á súa vez China -imparable no seu crecemento económico- absorbe practicamente a totalidade dos incrementos da produción mundial destas materias.

En Europa, as capturas de lirio, a especie máis utilizada pola industria de fariñas de pescado, son preocupantes segundo o Consello Internacional para a Exploración de Mar, órgano científico asesor da Comisión Europea, e deben reducirse inmediatamente para non entrar en situación de risco. Tampouco é posible incrementar as capturas en ningunha das pesqueiras importantes destinadas a este fin que se atopan no Pacífico sueste, e existe un interese


Para reducir o impacto da industria acuícola, a alternativa máis evidente é reducir o cultivo de especies carnívoras e optar pola cría de especies vexetarianas e filtradoras, cuxa alimentación ten consecuencias moito menores na biosfera.

crecente en dedicar parte destas capturas ó consumo humano para mellorar a seguridade alimentaria de países como Perú.

Desde o punto de vista da ecoloxía mariña, todas as especies empregadas para producir fariñas e aceites de pescado e capturadas no Pacífico e no Atlántico desenvolven un papel ecolóxico fundamental, ao seren o alimento de numerosas poboacións de aves, mamíferos e outras especies pesqueiras.

Como comentamos, a meirande parte das especies criadas para o noso mercado son carnívoras, alimentadas con peixe enteiro (no caso do atún) ou pelets fabricados con fariñas e aceites de peixe entre outros ingredientes. O intento de incrementar a presión sobre estes recursos para satisfacer a demanda da industria acuícola de especies carnívoras é unha bomba de relojería ecolóxica baixo o propio sector.

O cultivo de especies carnívoras non é pois a alternativa á crise das poboacións salvaxes, e o crecemento da cría de especies como o salmón, bacallau ou a robaliza non é sustentable na actualidade. Tan só unha mellor xestión e seguimento das pesqueiras vai mellora-la súa situación dos recursos mariños e garantir a meirande parte da produción de piscicultura. Para iso é necesario un cambio profundo de rumbo, en especial das políticas pesqueiras e un claro compromiso pola sustentabilidade por parte da propia industria extractiva, a industria transformadora e comercializadora e os consumidores.



Piscifactoría en Lira

Reducir o impacto da acuicultura

Para reducir o impacto da industria acuícola, a alternativa máis evidente é reducir o cultivo de especies carnívoras e optar pola cría de especies vexetarianas e filtradoras, cuxa alimentación ten consecuencias moito menores na biosfera. Pero, para isto é imprescindible vontade política e un compromiso da industria e os consumidores.

Pola súa parte, reducir a pegada ecolóxica da acuicultura intensiva pasa necesariamente pola busca de fontes alternativas de alimentación cun menor impacto na súa produción (restos e aceites vexetais, descartes pesqueiros e restos de conserveiras etc.). E por unha estratexia da industria para só utilizar fariña e aceite de peixe provenientes de pesqueiras ben xestionadas e preferentemente cunha *xestión baseada no ecosistema* en marcha e certificada por organismos

independentes como o Consello de Administración Mariña (MSC, www.msc.org).

As boas prácticas, co obxectivo de reducir o impacto sobre o contorno inmediato, son o outro pilar fundamental para lograr un desenvolvemento desta industria compatible co medio ambiente mariño. Resulta fundamental incorporar as medidas que minimicen a contaminación, que as instalacións non se sitúen en enclaves que afecten a hábitats sensibles ou especies ameazadas, minimizar o uso de antibióticos, ou non empregar especies modificadas xeneticamente. E sobre todo que conte cunha planificación axeitada baixo rigorosos criterios ambientais e paisaxísticos, da que adoece totalmente o plan proposto pola Xunta de Galicia.

Raúl García, responsable de pesqueiras de WWF/Adena